

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 02 DE MAIO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00021022P.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 18 de abril de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000165Y.

Licenza para realizar o Plan de despregue da rede FTTH ORANGE/JAZZEL.

Acórdase conceder a ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL, licenza para realizar, o plan de depregue da rede FTTH ORANGE / JAZZTEL na cidade histórica de Santiago de Compostela, FASE 12 cun orzamento de execución material de **15.727,14 €**.

A nova documentación correspóndese coa seguinte fase de execución do Plan de despregue da nova rede de fibra óptica no ámbito do plan especial, e contempla o tendido da rede FTTH de ORANGE no ámbito que se describe a continuación:

- Rúa dos Loureiros e Rúa Xasmíns
- Rúa de San Roque e Campiño do Carme.
- Rúa de San Clemente.
- Rúa do Carme de Abaixo, Campo das Hortas e Entregaleras.
- Rúa do Cruceiro do Gaio

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00003851C.

Licenza para a rehabilitación da envolvente de edificio de vivendas con instalación de ascensor na Avda. Castelao, 42.

Acórdase conceder á Comunidade de propietarios Avda de Castelao 42 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 250.000,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución, a rehabilitación de edificio residencial existente para implantación de ascensor exterior e rehabilitación enerxética de fachadas con substitución de carpintería exterior na Avda de Castelao 42 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00007127F.

Reparación de muro de contención de terras na parcela situada en Figueiras Codesedas 30.

Acordase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 6.166,22 euros e conforme a memoria presentada na data 10/02/2022, a reparación de muro de contención de terras na parcela situada en Figueiras Codesedas 30 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041403S.

Licenza para a instalación de terraza en edificio existente en cuberta de planta primeira na Rúa Concheiros, 2.

Acórdase conceder a HERVASA TAMBRE SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 24/02/2022, para a instalación de terraza en edificio existente en cuberta de planta primeira na Rúa Concheiros nº2 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 22.130,20 €.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041847E.

Licenza para a segregación de parcela na Rúa Vite de Arriba, 30.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 27/01/2022 outorgada ante Notario co número de protocolo cento noventa e seis. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 20/09/2021 e a documentación presentada o 16/02/2022, a segregación da parcela na Rúa Vite de Arriba 30 Santiago de Compostela (A Coruña) Ref. Catastral nas seguintes parcelas de resultado.

PARCELA RESULTADO 1. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 732,00m²s

PARCELA RESULTADO 2. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 500,00m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico (Superficie Bruta 1.436m²s) sen perxuízo das consecuencias rexistras que elo conleve para o interesado.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/198/2017.

Licenza para o proxecto básico e de execución modificado de edificio para 24 vivendas, trasteiros e garaxes na Rúa Avelino Pousa Antelo.

Acórdase conceder a ABECONSA SL, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución modificado de data de visado do 13/08/2021 e a documentación presentada o 17/01/2022 , a execución de edificio de 24 vivendas, trasteiros e garaxes na Rúa Avelino Pousa Antelo Santiago de Compostela, cun orzamento de Execución Material 3.186.209,89 €.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015063X.

Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa dos Castelos 7.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 19/08/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo 2344. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución modificado de data de visado do 10/02/2022, cun orzamento de execución material de 551.418,74 euros, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa dos Castelos 7 Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00050349Z.

Licenza para a parcelación no Lg Barral, 33.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 08/11/2021, a parcelación da Parcela situada no Lugar Barral 33, Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO 1. Sup Neta 960,00m²s. Solo Clasificado Núcleo Rural Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 14. Extensión Núcleo Rural

PARCELA RESULTADO 2. Superficie Neta 1.016,00m2s. Solo Clasificado Núcleo Rural Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 14. Extensión Núcleo Rural.

PARCELA RESULTADO 3. Superficie Neta 1.288,00m2s. Solo Clasificado Núcleo Rural Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 14. Extensión Núcleo Rural (808,23m2s) e Solo Clasificado Rústico Categoría Protección e Cualificado Ordenanza 16 Solo Rústico de protección agropecuaria (412,00m2s). As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

10. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/273/2019.

Corrección de erro LAP/273/201

Acórdase rectificar o erro.

11. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00009598V.

Requirimento de cumprimento de deberes urbanísticos en relación con local da rúa de República do Salvador, 12, planta 1ª.

Acórdase:

Primeiro. REXEITAR o recurso de reposición formulado por INVERSIONES INMOBILIARIAS CANVIVES SAU contra o acordo da Xunta de Goberno de data 7.03.22, relativo ao cumprimento do deber de entrega do local de equipamento de cesión obrigatoria no ámbito da OE-7.

Segundo. INICIAR o procedemento regulado no artigo 31 do RD 1093/1997 para a ocupación e posterior inscrición a nome do Concello de Santiago da finca rexistral 44376, co carácter de cesión obrigatoria delimitada polo PXOM no ámbito da OE-7.

Terceiro. Outorgar aos titulares rexistrais un trámite de audiencia, por prazo de 30 días, a fin de que formulen as alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 31.2 do RD 1093/1997.

Cuarto. Dar traslado á Asesoría Xurídica Municipal a fin de que interpoña, se procede, as accións pertinentes en defensa do dereito da administración sobre a finca.

O acordo notificarase aos interesados e ao Rexistro da Propiedade núm. 2 de Santiago.

12. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2022/00017327Q.

Ampliación do prazo de presentación do informe de avaliación dos edificios (IAE) para os edificios catalogados.

Acórdase:

- Ampliar ata o 20 de maio de 2024 o prazo máximo de presentación dos Informes de Avaliación dos Edificios (IAE), para o caso dos edificios catalogados e o resto de edificios cunha antigüidade de máis de 50 anos.

- Publicar un Bando municipal, dando coñecemento do novo prazo para o cumprimento das obrigas que o DECRETO 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios, establece aos propietarios de edificios de uso residencial de vivenda colectiva, cunha antigüidade de máis de 50 anos.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021884T.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de da “Execución das obras do proxecto de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela (Lote I)”.

Autorízse o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de ““Execución das obras do proxecto de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela (Lote I)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da arquitecta técnica supervisora municipal de 25/04/2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00012788P.

Aprobación do expediente denominado “Prestación do servizo de redacción de proxecto básico e de execución e dirección facultativa das obras do Centro Integral para a Inclusión Social, cofinanciada polo FEDER , dentro do programa operativo FEDER plurirrexional de España 2014-2020 nunha operación vinculada á EDUSI - REVIVE COMPOSTELA.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado Prestación do servizo de redacción de proxecto básico e de execución e dirección facultativa das obras do Centro Integral para a Inclusión Social e abrir o procedemento aberto de adxudicación correspondente.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe total **123.961,46 euros** (105.629,13 euros + IVE engadido de 18.332,33 euros), para financiar este contrato. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 030 23100 6320000. EDUSI. INV. REPOSICIÓN EDIFICIOS E CONSTRUCC. *Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.*

15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/271/2020.

Aprobación do proxecto da senda peonil entre Milladoiro e o Castelo da Rocha Forte.

Apróbase o proxecto de senda peonil entre Milladoiro e o castelo da Rocha Forte coas seguintes condición. O orzamento máximo de licitación é de 121.739,44 € + 25.565,28 € de IVE (21%) = **147.304,72 €.**

17. COMERCIO. Referencia: 2022/00004608H.

Aprobación do compromiso do gasto a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A pola súa consideración de entidade colaboradora designada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.

Acórdase comprometer o gasto, por importe de **13.572,87 euros**, con cargo á aplicación 010 43100 2269900, a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A pola súa consideración de entidade colaboradora designada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.

18. DEPORTES. Referencia: 2022/00020246Z.

Cesión do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro a favor da Real Federación Galega de Fútbol o día 1 de maio de 2022 para a organización da fase de ascenso 2ª RFEF.

Autorízase para o día 1 de maio, con carácter gratuito, o uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro por parte da Real Federación Galega de Fútbol, para que poida organizar os partidos de semifinais correspondentes a Fase de ascenso a 2ª RFEF, así como, o resto de peticións complementarias enunciadas que se recollen nos escritos presentados polo interesado, todas elas condicionadas á aplicación das normas sectorias que sexan de aplicación e aos criterios de uso específicos que se determinen polo Departamento de Deportes.

A entidade organizadora queda obrigada a cumprir coas seguintes cuestións básicas:

1. *Facerse cargo de calquera desperfecto que se produza no recinto deportivo, debendo ser subsanados na maior brevidade de tempo posible. Ao efecto, deberá ter contratada ou dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, en contía suficiente, que cubra calquera eventualidade ou incidente que se produza en calquera espazo da instalación ou a terceiras persoas como consecuencia da organización das súas actividades, debendo estar adaptada á normativa legal vixente. Esta póliza deberá estar actualizada ao periodo obxecto de autorización, nos termos exisidos no artigo 8 e na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Os datos concretos sobre a póliza foron remitidos e figuran na documentación presentada.*

2. *Adoptar, como organizador, as medidas de seguridade, sanitarias, regulación de aforo e control necesarias para poder atender coas máximas garantías os incidentes e/ou accidentes que se poidan producir durante a*

celebración das súas actividades, quedando obrigado a cumprir coa normas e disposición legais vixentes que procedan e, con calquera outra indicación que se lletraslade por esta administración local.

3. A dispoñer dun servizo de limpeza durante a celebración dos partidos así como, a realizar a limpeza necesaria entre partidos (entre a xornada de mañá e a de tarde) para garantir que a instalación se atope en correcto estado de uso. Deberá prestarse especial atención á zona de vestiarios e aseos que deberán quedar perfectamente limpos, ventilados e desinfectados para o partido programado ás 18,30 horas.

No que respecta ao servizo de cafetería/restauración a prestar con carácter puntual durante a organización desta fase de ascenso, a entidade garantizará o cumprimento das normativas sectoriais de aplicación, asumindo calquera tipo responsabilidade que se derive ao efecto, debendo realizar a limpeza das zonas habilitadas.

4. Asumir a aplicación e cumprimento do Plan de Autoprotección do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro, para que o deberá nomear un Director do Plan ante emerxencias (DPAE), así como, dispoñer da relación do persoal de control que se determine no manual de implantación que lle foi remitido, para a súa correcta implantación. Este documento deberá entregarse asinado antes das 15 horas do venres 29 de abril. Dado que a previsión é empregar unicamente a bancada de tribuna, **o aforo máximo definido para este espazo é de 2.000 persoas**, algo inferior ao recollido no PAU, dado que nas últimas semanas procedeuse á retirada de varios módulos de asentos supletorios.

5. Por último, a RFGF deberá cumprir e aplicar os protocolos federativos vixentes así como, as normativas en vigor vinculadas coas medidas de prevención e protección definidas a nivel autonómico e estatal como consecuencia da situación sanitaria provocada pola COVID 19.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00020592S.

Dación á Xunta de goberno local de sentenza recaída no AP 0416/2020 PO 39/2015 CA1.

Dase conta da sentenza nº 087/2022

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na Estación de Autobuses. Contía: 172.423,71 euros.

A persoa demandante impugnou en primeira instancia a Resolución do 21.11.2014, que derivaba a eventual responsabilidade á entidade TUSSA, responsable do transporte urbano.

O Xulgado estimou a falta de lexitimación pasiva do Concello en base a dito argumento. Cómpre engadir que esta excepción non foi alegada pola representación externa do Concello –fíxose no escrito de conclusións, xa pola Asesoría Xurídica; pero foi admitida e apreciada polo órgano xudicial porque si foi presentada pola aseguradora do Concello, que compareceu como codemandada.

Recorrida en apelación, a Sala do Contencioso estima nesta primeira cuestión o recurso, ao entender que a xestión do transporte urbano por unha sociedade municipal non “evita” a responsabilidade do Concello, ao tratarse dun ente instrumental cuxo capital é 100 por 100 local. A Sala, do mesmo xeito que o Xulgado antes, e por facerse en conclusións, rexeita o argumento municipal de que a responsabilidade sería da Administración titular da infraestrutura (a Xunta de Galicia); máis tendo en conta que a demandante dispoñíase a coller un autobús interurbano, que tamén é competencia autonómica.

Seguidamente, entra no fondo do asunto para terminar desestimando a reclamación, ao entender non acreditada a relación de causalidade (a iluminación insuficiente nas escaleiras e a caída consecuencia da mesma) coas testemuñas aportadas en xuízo: un condutor de autobús e unha pasaxeira que non apreciaron os feitos.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por Decreto do 18.04.2022 foi declarada firme. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Secretaría para o seu coñecemento.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00019865R.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PO 56/2019 CA2.

Dase conta da sentenza nº 089/2022

Obxectos:

a. Decreto da Concellaría de Espazos Cidadáns, do 22.11.2018, polo que se desestima o recurso de reposición contra os Decretos da mesma Concellaría, do 05.09.2018 e 21.09.2018, polos que se

aproban as liquidacións definitivas pola execución subsidiaria das obras ordenadas no Decreto do 04.06.2012, resultantes da diferenza entre o orzamento liquidado e o gasto efectivamente realizado.

b. Resolución do 15.05.2020 do Tesoureiro municipal, polo que se desestima o recurso de reposición contra a dilixencia de embargo de bens inmobles en relación ao expediente executivo 49288, por unha execución subsidiaria liquidada provisionalmente o 2013 co número EJS 1980143, por un principal para a interesada de 6.285,59 euros.

No feito 3º da Sentenza a cantidade é fixada en 525,68 euros, a instancia desta parte na contestación á primeira demanda, xa que esta é a diferenza calculada contra os herdeiros no Decreto do 05.09.2018. É dicir, que na fixación da contía non se ten en conta o importe total do embargado á interesada.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O expediente de disciplina arranca no 2010, cando se ordena aos propietarios dun inmovble en Poza de Bar nº 4 a execución dunhas obras. Incumplida a orde de execución, o Concello procede á execución subsidiaria, liquidándose o importe estimado entre os membros da comunidade hereditaria. O Decreto impugnado, do 2018, aproba a liquidación definitiva das obras, repartindo a diferenza a favor do Concello segundo a mesma proporción que no 2012. A demanda comeza “impugnando” o Decreto do 2010. Seguidamente, cuestiona a proporción aplicada no 2018, atendendo a unha sentenza civil posterior de reparto de bens.

Como segundo obxecto do proceso, a demandante impugna a dilixencia de embargo pola execución subsidiaria liquidada, que no seu caso ascende a 6.285,59 euros; cuestionando no só a contía, senón que aquela teña por obxecto a súa vivenda habitual. E, ante a suposta nulidade dos actos de recadación, suplica que a débeda sexa declarada prescrita.

O primeiro que fai a Sentenza, na liña defendida polo Concello, é excluír do debate as resolucións do 2010 e 2012, actos firmes e consentidos.

Logo, acolle o argumento municipal: o reparto no 2018 efectuouse en unidade de criterio con respecto ao do 2012. Nese senso, o Xulgado considera o Decreto do 2018 “execución” da resolución do 2012, polo que desestima o recurso no seu primeiro obxecto.

Con respecto ao constrinximento, a vivenda habitual non é un ben inembargable, polo que procede a súa traba unha vez falidas as contas correntes.

Sen embargo, o Xulgado estima o recurso atendendo ao feito de que na notificación do 21.11.2015 sobre dito intento de traba, non constan os actos notificados nin a documentación achegada á demandante. Indícase na sentenza o seguinte: *“aunque en la contestación a la demanda se manifestaba que se aportaría la notificación del resultado del embargo de las cuentas corrientes y la documentación entregada, dicha aportación no llegó a realizarse, por lo que hay que entender que concurre la prescripción alegada por la demandante, al haberse excedido el plazo establecido en el art. 66 de la LGT, desde la publicación de la providencia de apremio en el BOP”*. E así foi: requiríuse á Tesourería municipal a aportación desta documentación, requirimento que non foi atendido. E por estas razóns, o Xulgado declara a débeda prescrita.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.
3. Remitir ao Servizo de Tesourería para a súa execución.
4. Incoar expediente para a identificación dos erros ou deficiencias que impediron a atención do requirimento da Asesoría Xurídica.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00019798A.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 499/2019 CA1.

Dase conta da sentenza 141/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

Obxecto: Contra a desestimación presunta do recurso de reposición fronte á solicitude do 30 de xullo de 2019 en reclamación de dereito e cantidade (complemento de produtividade).

Contía reclamada: TRES MIL SESENTA E OITO CON SESENTA EUROS (3.068, 60.-€)

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois desestima o recurso.

Seguindo a argumentación da defensa do concello a sentenza entende que a relación de emprego que mantiña o reclamante co Concello de Santiago estaba amparada nun programa subvencionado pola Xunta de Galicia e que tal circunstancia o excluía do dereito a percibir o complemento de produtividade, a tenor do disposto no artigo 1.1 c) do Acordo regulador-Convenio Colectivo do Persoal ó servizo do Concello de Santiago.

Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso algún. As custas impóñense ao demandante cun máximo de 400 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Persoal para os efectos do seu coñecemento.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00018344K.

Dación á Xunta de goberno Local de sentenza recaída no AP 4262/2021 TSX PO 75/2018 CA2.

Dase conta da sentenza nº 585/2021

Obxecto: arquivo expediente disciplina urbanística.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

O demandante tiña presentado denuncia por obras executadas no nº 23 de Rúa Nova, que deu lugar ao DIS/147/2017, archivado logo da comprobación, mediante imaxes aéreas, da existencia das construcións aló menos dende 2006.

Na primeira instancia, o Xulgado consideraba insuficiente a proba desenvolvida no expediente para declarar a prescrición da acción, ordenando retrotraer as actuacións para continuar coa tramitación daquel.

Recorrida a sentenza polo codemandado -recurso ao que adhire o Concello- a apelación é estimada polo TSX:

1. Considera que a estrutura que soporta a terraza é anterior ao 2006.
2. Que a estrutura non poido ser empregada ata a compra da vivenda, no 2011.
3. Que logo da compra, foi adaptada a estrutura, co pavimento de madeira e varanda.

Revisada a proba –especialmente as escrituras e a ficha do Rexistro da Propiedade- e con estas conclusións, o TSX resolve que *“las obras, tal y como apreció el arquitecto municipal en los informes que fundamentaron la resolución de archivo, estaban concluidas, en el estado que actualmente presentan, con una antelación muy superior a los seis años respecto a la fecha de incoación del expediente”*; engadindo que *“con dichas fotografías aéreas el técnico no puede aseverar que cuestiones de detalle como la referida a la barandilla o el pavimento no hayan sufrido ninguna variación desde aquel año, pero hay que valorar que como tal la obra que conforma el objeto del expediente sí existía con una antelación muy superior a la de los seis años para la incoación del expediente de reposición de la legalidad, y ningún dato avala la presunción de que la barandilla o el pavimento se hayan colocado dentro de ese plazo.”*

Por conseguinte, resolve nos termos feitos polo Concello: a acción de reposición xa estaba prescrita. Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por dilixencia do 01.04.2022 foi declarada firme. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00020593Q.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento DFU 47/2022 XS3.

Dase conta da sentenza nº 184/2022, do 4.04.2022

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Persoal do 14.02.2021 polo que se rexeita a solicitude do incentivo de xubilación previsto no artigo 13.6 do Convenio Colectivo do Concello de Santiago de Compostela.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais ao recoñecer que o empregado público ten dereito ao incentivo de xubilación con independencia de que non teña a condición de laboral fixo, senón interino por vacante dende o 12.06.2013. A resolución entende vulnerado o dereito á

igualdade e non discriminación (artigo 14 CE) ao conferir un trato desigual sen que medie xustificación obxectiva e razoable, máis aló da mera aplicación do previsto no convenio colectivo. Por outra banda, a sentenza non recoñece, na súa totalidade, a indemnización por importe de 12.047,12 euros, solicitada polo demandante como consecuencia da vulneración do dereito fundamental, senón que a reduce ata 751 euros, acollendo a argumentación da defensa do Concello formulada con carácter subsidiario.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir á Dirección da Área de Réxime Interior para os efectos da súa execución.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00019875B.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local do Auto recaído no recurso de Casación Autonómico 4058/2022 (Recurso apelación 4107/2021-PO 291/2019 CA2) ditado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Dase conta do auto 041/2022

Obxecto: legalización usos e obras en Rúa do Home Santo 40.

O Auto é favorable para o Concello, non susceptible de recurso.

O PO 291/2019 tiña por obxecto as obras executadas no baixo cuberta do número 40 da Rúa do Home Santo, para cuxa legalización o Concello esixía a presentación de comunicación previa; así como o uso de vivenda rexistrado no mesmo. A Sentenza de instancia estimou parcialmente o recurso: con respecto ás obras, a acción de reposición municipal estaba prescrita; sen embargo, con respecto aos usos, se estes non son compatibles (a Ordenanza só permite o uso como vivenda do baixo cuberta cando sexa superior á vivenda e estea comunicada por escaleira interior), tampouco son consolidables, polo que a orde de cese é conforme a Dereito.

Recorrida en Apelación 4107/2021, a Sentenza é confirmada pola nº 502/2021, apoiándose esta, ademais do dito, no feito de que na escritura de propiedade horizontal o baixo cuberta defínese como sobrado e non como vivenda; ademais da aplicación das normas sobre seguridade e salubridade, que o faiado semella non cumprir.

O recurso de casación autonómico tramítase polo TSX porque considérase vulnerados na citada sentenza de apelación os artigos 153.2 da Lei do solo e 205 e 377 do seu Regulamento. A Sala Especial fai seus os argumentos expostos pola Sección 2ª que desestimou o recurso, declarando a súa non admisión. Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

25. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00021022P.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 22 ao 28 de abril de 2022.

URXENCIAS

26. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00021107R.

Apertura de prazo para as Solicitudes de renovación da concesión de uso das hortas municipais nos parques de Belvís de abaixo, Campo das hortas e Santa Marta.

Acórdase abrir o prazo de presentación para as solicitudes de renovación, segundo o disposto na Ordenanza, Capítulo II artigo 4 para o procedemento de solicitude.

Establécese como prazo para formular as solicitudes de renovación das concesións de uso de ditas Hortas Municipais o que abrangue **do 5 de maio ao 20 de maio de 2022** (ámbolos dous incluídos).

As persoas que na actualidade teñen concedida a autorización de uso poderán solicita-la súa renovación, para o que deberán presenta-la seguinte documentación:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, polo que se require a renovación da concesión de

autorización por outros dous anos e pola que se autoriza ao Concello a comprobar, de oficio, a inscrición padroal da persoa solicitante. (modelo aprobado en Xunta de Goberno Local de data 04/10/2012).

- Fotocopia do DNI ou NIE.

A documentación deberase presentar:

- No Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4 – baixo. Horario de atención ao público 9.00 a 13.00 horas).

- Segundo o disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas e do procedemento administrativo común (sede electrónica do Concello santiagodecompostela.gal).

27. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00021073J.

Apertura de prazo para a solicitude de autorización de uso das hortas municipais no parque de Brañas de Sar.

Acórdase:

PRIMEIRO: Revogar as autorizacións de uso das hortas de Brañas de Sar, outorgadas por acordo desta Xunta de Goberno Local ás persoas relacionadas no anexo que figura no informe do Departamento de Parques e Xardíns, en atención ao disposto no artigo 6.5 da Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais de outorgamento das súas autorizacións de usos, aprobada polo Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2008, polo que os beneficiarios deberán devolver a horta cedida ao Concello deixándoa baleira e a súa libre disposición nun prazo máximo de 15 días a partir da aprobación desta proposta.

SEGUNDO: Segundo o disposto no artigo 4 da Ordenanza, establecer como prazo para presentar as solicitudes de concesión de uso das hortas municipais do parque de Brañas de Sar o que abrangue **dende o día 5 de maio ao 20 de maio de 2022** (ámbolos dous incluídos).

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- O impreso da solicitude debidamente cuberto (presentado nos anexos).

- Fotocopia do documento de identificación do solicitante.

A documentación deberase presentar:

- No Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4 – baixo. Horario de atención ao público 9.00 a 13.00 horas).

- Segundo o disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas e do procedemento administrativo común (sede electrónica do Concello santiagodecompostela.gal).

TERCEIRO: Nomear a Comisión encargada de avaliar as solicitudes presentadas.

28. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00015251X.

Autorización de préstamo temporal de documentos municipais para a súa exposición na mostra “Cidades no tempo”.

Acórdase:

Primeiro. Autorizar o préstamo temporal á Fundación Cidade da Cultura de Galicia e á fundación Afundación dos documentos do Concello de Santiago de Compostela depositados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago que se relacionan:

▣ Alzado da casa das Pomas de Diego Romay. Sinatura: A.M., Planeiro, nº 94.

▣ Plano da instalación de alumeado eléctrico. Sinatura: A.M. 2.044, 3, 3.

▣ Plano do edificio Castromil de Rafael González Villar. Sinatura: A.M. 1.938, leg. 96.

▣ Plano do proxecto de construción da escola para nenos e nenas do Carballal. Sinatura: A.M. Inventario novo, páx. 11B.

▣ Plano do ferrocarril compostelano. Sección: Santiago á fábrica de Laraño. Sinatura: A.M. 1.397.

▣ Plano da construción dun forno para rosquillas na casa nº 5 da rúa do Cantón do Toural. Baltasar César. Sinatura: A.M. 596.

▣ Libro 1º de actas do concello de Santiago de 1416-1422. Sinatura: A.M. 1.

▣ Plano do proxecto de mercado de abastos de Santiago de Agustín Gómez de Santamaría (1870). Sinatura: A.M. 1.555.

▣ Plano do barrio de Santa Clara integrado no libro de actas do concello de Santiago do ano 1801. Sinatura: A.M. 289.

▣ Plano do proxecto de urbanización da zona do Ensanche e residencia de estudantes (ca. 1935). Sinatura: A.M. 2.280, exp. 20.

▣ Mostras de tecidos para o traxe da policía municipal e carta de Domingo Carro, comerciante que as presenta (1915). Sinatura: A.M. Inventario A, páx. 37.

Segundo. A cesión temporal dos documentos indicados suxeitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

▣ Os bens cedidos unicamente se poderán destinar á súa exhibición na exposición “Cidades no tempo. Memoria, historia e urbanismo nas cidades galegas”. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

▣ O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.

▣ O cesionario responsabilizarase de entregar e recoller os bens, comunicándollos ao concello e de garantir a adecuada conservación dos bens cedidos e responderá da súa seguridade e vixilancia.

▣ O cesionario asegurará os bens cedidos durante o período de vixencia do préstamo temporal.

▣ Durante a exhibición dos documentos farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela.

▣ Autorízase a reprodución de imaxes dos documentos e bens que se prestan no catálogo ou publicacións que se elaboren con motivo da exposición. A publicación con calquera outra finalidade diferente ou non vencellada directamente ao proxecto expositivo “Cidades no tempo. Memoria, historia e urbanismo nas cidades galegas” deberá ser previamente autorizada. Nas reproducións indicárase a titularidade do Concello de Santiago.

Terceiro. Notificar este acordo á Fundación Cidade da Cultura de Galicia para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

29. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033317W

Declaración de deserta a licitación “Instalación de alumado público na Rúa das Estrelas”.

Acórdase declarar deserta a licitación “Instalación de alumado público na Rúa das Estrelas”, xa que ningunha das empresas licitadoras presentou a documentación que lle foi solicitada para obter a condición de adxudicatario.

30. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041519Q

Certificacións ordinarias núm.6, 7, 8 e 9 emitidas por Construcciones D.OGANDO S.L., correspondentes ao contrato de obras de “Reparación e consolidación da Ponte de Vidán POS + 2019 (CON/26/2019).

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 241.005,84 euros, correspondentes as certificacións ordinarias números 6, 7, 8 e 9 da obra: Reparación e consolidación da Ponte de Vidas POS + 2019, en favor do adxudicatario de ditas obras Construcciones D. Ogando S.L., con imputación a aplicación orzamentaria 100-45400-6190000 do orzamento municipal en vigor.

31. CONTRATACIÓN. Referencia 2021/00022722X.

Ampliación do prazo de execución Subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do Centro de Control do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

Ampliáase o prazo de execución da “Subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do Centro de Control do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela (Expte. CON/46/2020), ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP por dous meses adicionais ata o 7 de xuño de 2022.

Esta ampliación non é óbice para que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.